



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE MARZO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteun de marzo de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de marzo do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Jose Alberto Lopez Campos, con data RE 18 de marzo de 2011 N° RE 1390, relativo a reclamación de responsabilidad patrimonial.
2. Escrito de Don Xose Lois Brea Sanmatin, con data RE 18 de marzo de 2011 N° RE 1388, relativo a reclamación de responsabilidad patrimonial.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda remitir as citadas reclamacions a oficina tecnica aos efectos de determinar o titular da estrada na que se produciron os feitos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

#### **PRORROGA LICENZA.-**

Solicitud de Dona M<sup>a</sup> Elisa Fernández Veleiro con data RE 16 de marzo de 2011 N<sup>o</sup> RE 1311, mediante o que solicita por non poder levar a cabo as obras, unha ampliación do prazo para execución da licenza relativa a arreglo de tellado e instalacion electrica, expediente 27/09/2010/5545-ON/247.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros unha ampliación do prazo inicial por un período de tres (3) meses que comenará a contar a partir da recepción da presente notificación.

#### **CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS.-**

1.- “Vista a solicitude de **Don Adolfo Lorenzo Fernández**, con domicilio na Praza Garcia Boente n<sup>o</sup> 3, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Praza Garcia Boente n<sup>o</sup> 3 en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2.- “Vista a solicitude de **Dona Orosia Touza Rodriguez**, con domicilio na Rúa Salgado Moscoso n<sup>o</sup> 16, 2<sup>o</sup>, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Salgado Moscoso n<sup>o</sup> 16, 2<sup>o</sup> en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

3.- “Vista a solicitude do Concello de Ribadavia, con domicilio na Praza Maior n<sup>o</sup> 4, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Antigo de San Cristobal para “O CONTORNO IGREXA DE SAN CRISTOBAL” en San Cristobal, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion da Confederacion Hidrografica del Miño-Sil, con data RE 18 de marzo de 2011 N° RE 1395, relativo a “*expediente de autorizacion para la corta de cinco (5) alisos en la zona de policia del rio Avia, en O Porto, termino municipal de Ribadavia (Ourense)*”.
2. Comunicacion da Entidade Xacobeo 2010, con data RE 11 de marzo de 2011 N° RE 1238, relativo a denegacion de subvencion.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, acollerse á Orde do 15 de marzo de 2011, pola que se regula a concesión de axudas económicas aos Concellos de Galiza para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a temporada de verán. Asemade acorda tamén por unanimidade, no caso que se conceda a subvención, a contratación temporal dos auxiliares de policía local, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.”

##### **ADSCRIPCION PERSOAL PROGRAMAS COMUNITARIOS.-**

Tendo en conta a participación do Concello no Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a adscripción de persoal quedando do seguinte xeito:

- Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Don Manuel Araujo Montero. A adscripción será dende o 1 de setembro de 2010 ata 31 de marzo de 2011 e nun porcentaxe do 75%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

- Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Don Antonio Miguez Amil. A adscripción será dende o 1 de setembro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010 nun porcentaxe do 50% e dende o 1 de xaneiro ó 31 de marzo de 2011 nun 75%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA  
1º TRIMESTRE DO 2011.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2011, por importe de 39.573,47 euros, tarifa de depuración por importe de 7.643,43 euros, máis 3.769,12 euros de IVE, resultando un total de 50.986,02 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2011, por importe de 18.709,19 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 12.110,85 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 21 de marzo de 2011 e o 13 de maio de 2011”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.